

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Marzo 2007**

## **COMUNICADO**

---

### **En marzo de 2007 aumenta o gasto total e diminúe o gasto diario medio dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia respecto ao mesmo mes do ano anterior**

**O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia aumentou en marzo de 2007 nun 5,2% en taxa interanual.**

Os datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de marzo de 2007, amosan un incremento do 5,2% do gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos respecto ao mesmo mes do ano anterior, cun importe de 28,7 millóns de euros.

O número de pernoitas realizadas polos viaxeiros de establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas aumentou en marzo de 2007 nun 10,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, compensando no gasto total o descenso interanual do 5,0% rexistrado no gasto diario medio realizado por persoa.

O 84,6% do gasto total foi efectuado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros situados nas provincias da Coruña e Pontevedra, onde se concentran o 77,2% dos establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas de Galicia. Particularmente, en marzo de 2007 o importe do gasto total foi de 13,3 e 11,0 millóns de euros nas provincias da Coruña e Pontevedra respectivamente. A provincia de Lugo concentra o 13,1% dos establecementos de tres e mais estrelas de Galicia, e representa o 8,2% do gasto total en marzo de 2007. O restante 7,1% do gasto total foi realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros da provincia de Ourense, que representan o 9,7% dos establecementos de tres e mais estrelas de Galicia.

Por outra banda, o 55,6% do gasto total foi realizado en establecementos hoteleiros de 4 estrelas, os cales representan o 27,4% do número total de establecementos de tres e mais estrelas de Galicia. Os establecementos maioritarios dispoñen da categoría de 3 estrelas, que representando o 69,6% do total, concentran o 33,8% do gasto total realizado en marzo de 2007. O restante 10,6% do gasto total corresponde ao realizado polos viaxeiros dos establecementos de 5 estrelas de Galicia, que representan o 3,0% dos establecementos.

A taxa de variación do gasto total no primeiro trimestre do ano foi de -5,1%.

A variación acumulado é do -4,7% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

**Descende nun 5,0% interanual o gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas de Galicia en marzo de 2007.**

En marzo de 2007 o gasto diario medio por persoa situouse en 109,6 euros, experimentando un descenso interanual do 5,0%.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros, en marzo de 2007 o gasto diario medio máis elevado atópase na Coruña, cun importe de 115,0 euros. Séguelle en orde de importancia o importe de 110,3 euros acadado na provincia de Ourense. O gasto diario medio realizado nos establecementos de tres e máis estrelas situados na provincia de Pontevedra foi de 106,1, mentres que na provincia de Lugo ascendeu a 97,7 euros.

Segundo a categoría dos establecementos, o importe máis elevado foi de 193,7 euros, que como cabe esperar foi realizado nos establecementos hoteleiros de 5 estrelas, maioritariamente situados na provincia da Coruña. O gasto diario medio realizado nos establecementos hoteleiros de 4 e 3 estrelas foi de 113,4 e 91,9 euros respectivamente.

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Marzo 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	28.687,5	5,2%	-5,1%
Gasto diario medio por persoa (euros)	109,6	-5,0%	-7,9%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Gasto total (miles de euros)	31.632,4	5,2%	-4,7%

**FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros**




### Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Marzo 2006. Datos provisionais.

	Dato		
	Gasto total	Gasto diario medio	% establecementos
<b>Galicia</b>	<b>28.687,5</b>	<b>109,6</b>	<b>100,0%</b>
A Coruña	13.320,1	115,0	35,9%
Lugo	2.354,9	97,7	13,1%
Ourense	2.049,9	110,3	9,7%
Pontevedra	10.962,5	106,1	41,4%
<b>3, 4 e 5 estrelas</b>	<b>28.687,5</b>	<b>109,6</b>	<b>100,0%</b>
3 estrelas	9.692,3	91,9	69,6%
4 estrelas	15.941,3	113,4	27,4%
5 estrelas	3.053,8	193,7	3,0%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
Fax: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>